

O Partido Popular oponse no Parlamento a que a Xunta inicie a EDAR de Monforte en 2015

O Grupo Parlamentario do PP tamén vetou os outros puntos da Proposición Non de Lei presentada polos socialistas e que foi debatida hoxe no Parlamento: que o Goberno galego asumise o compromiso de que o proxecto de construción estivese listo a finais de 2014, así como a inclusión nos orzamentos do vindeiro ano dunha partida económica específica para que a nova infraestrutura estivese en marcha en 2015

O Grupo do PSOE lamenta que o Partido Popular tumbase finalmente a iniciativa, a pesares de recoñecer publicamente que o informe emitido en 2013 por Augas de Galicia recolle claramente as deficiencias do sistema depurativo da rede de abastecemento do municipio monfortino, e de que, dende 2012, existe o compromiso do ex conselleiro Agustín Hernández de acometer esta actuación en varias anualidades

A depuradora actual non funciona, ten grandes eivas e é insuficiente. Trátase dunha grave situación á que non é allea a administración autonómica, pois esta é coñecedora do problema dende hai máis de tres anos

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19 DE XUÑO DE 2014.- O Grupo Parlamentario do Partido Popular rexeitou este xoves a Proposición non de Lei presentada polos socialistas, e a través da que instaron á Xunta de Galicia a cumprír o compromiso de dotar dunha nova depuradora de augas residuais ao Concello de Monforte de Lemos antes de que remate o ano 2015 para dar resposta ás necesidades da zona urbana e do polígono de Reboredo. Deste xeito, a voceira en temas de Medio Ambiente do Grupo Socialista, Patricia Vilán, en resposta á emenda formulada polos populares, e sempre en aras de acadar unha solución ás deficiencias que presenta na actualidade a infraestrutura, e que están a provocar que as augas que nela se depuran, e que desembocan directamente no río Cabe, sexan contaminantes, propuxo unha ampliación dos prazos para facilitarlle ao Goberno galego a execución desta infraestrutura. Estes cambios, que, finalmente tamén foron declinados polo Grupo do PP, eran os seguintes: que o proxecto de construción estivera listo a finais 2014; que a licitación, adxudicación e comezo das obras se concrete en 2015; e que o Goberno galego incluíra nos orzamentos de 2015 unha partida económica específica para que a nova EDAR fora unha realidade, e deixara de ser unha virtualidade.

“O que nos atopamos, asegurou a socialista na súa intervención, é que en 2013 non tivemos ningunha noticia da Xunta a este respecto. Chegou 2014 e, no orzamento da Xunta, tampouco hai ningún euro para esta partida. Isto fixo que xa en febreiro presentásemos unha emenda para que se incluíse no presuposto unha dotación económica concreta. O que sempre pedimos foron prazos concretos. Por iso agardabamos que, ante a preocupación que mostran os deputados do PP presentes nesta comisión e a preocupación que amosou o ex conselleiro en 2012 nunha visita a este municipio, se aceptasen os prazos propostos. O que lle interesa aos veciños de Monforte é que se deixen de producir estes problemas de contaminación. Levamos varios episodios e, ata o de agora, non se solucionaron, nin, dada a votación, tampouco se van solucionar”.

A socialista tamén plantexou esta ampliación logo de que a voceira do PP recoñecese publicamente que o propio informe emitido en 2013 por Augas de Galicia recolle claramente as deficiencias da rede de abastecemento do municipio monfortino. Concretamente, a deputada

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

deste Grupo Parlamentario indicou que a actual depuradora está chegando “ao fin da súa vida útil, polo que cómpre acometer obras necesarias e unha actuación integral neste eido”.

Situación da depuradora

A depuradora actual, que se sitúa na parroquia de Piñeira, non funciona, ten grandes eivas e é insuficiente. Asimesmo, as súas instalacións non teñen o mantemento axeitado; motivo polo que as augas residuais presentan un alto grao de suciedade. Trátase dunha grave situación á que non é allea a administración autonómica, pois esta é coñecedora do problema dende hai máis de tres anos.

Proba delo, é que o Partido Popular, no debate suscitado en 2011 a instancias doutra iniciativa presentada polos socialistas, o Grupo Parlamentario dos populares votou a favor de que o Executivo construíse unha nova EDAR, dotada cunha partida de 7 millóns de euros. Posteriormente, en 2012, o propio ex Conselleiro de Medio Ambiente tamén anunciou, nunha visita realizada a este municipio, que o departamento que dirixe redactaría o proxecto construtivo e farían as obras en varias anualidades.

Hai 5 anos todas as depuradoras estaban licitadas

En 2009, todas as depuradoras planificadas en Galicia estaban licitadas, agás dúas, a de Poio (Sanxenxo) e a de Ribeira (A Coruña). Nese ano, o Partido Popular criticaba que, lamentablemente, Galicia estaba perdendo oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da Unión Europea e coa conseguinte imposición de sancións se non se acometía a mellora das instalacións previstas. Pero, hoxe, este problema continúa existindo. De feito, en abril do ano 2011, e no pasado mes de outubro, o Tribunal de Xustiza da UE sancionou a España polos seus incumprimentos en Galicia.

O maior número de incumprimentos que figuran no documento de traballo da Comisión de Peticións do Parlamento europeo conclúe, entre outras cuestións, que existen zonas nas rías que aínda son moi produtivas, pero que están en grave perigo se non se toman medidas; unha realidade da que non escapa o Concello de Monforte por mor da deficitaria EDAR. Por este motivo, o PSOE pediu hoxe explicacións á Xunta de Galicia, ao tempo que demandou que a Consellería fixe os prazos para acometer esta infraestrutura, co obxectivo de atallar a grave turbiedade das augas residuais que nela se depuran, e que están a converter ao río Cabe nun gran foco contaminante.